Monitoring

Os Monierreques

(UNIDADE DIDÁCTICA)

OS MONICREQUES
XX ANIVERSARIO
(1979-1989)

Textos e maqueta
Isabel Rey Pousada

Ilustracións
Kukas

Montaxe exposición:
Gena Baamonde
Javier M. Oro
Marcelino de Santiago
Isabel Rey
e tamén
Rebeca Montero e Marcos Vieitez

Patrocinan :
IGAEM
CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación
Departamento de Cultura

Colaboran :
PAZO DE CONGRESOS E
EXPOSICIÓNS DE SANTIAGO
LITONOR, Artes Gráficas

Imprime
Litonor. Santiago

Índice

- ¿Que é un títere? 4
- O teatro de títeres 5
- Tipos de fantoches 6
- Fai os teus títeres 9
- ¿Como se representa unha obra de marionetas? 11
- Historia do teatro de monecos no mundo 12
- Historia da compañía **Os Monicreques** 14
- Os títeres e a literatura 15
- Bibliografía 16

¿Que é un títere?

Un títere é un moneco ou obxecto que representa a un personaxe teatral cando o titiriteiro lle da a vida movéndoo e prestándolle a súa voz.

- Un títere é un personaxe teatral, pero non é un actor de carne e oso
- Un títere é un moneco, pero non todos os monecos son títeres
- Para ser un títere hai que ser un moneco ou obxecto que se move, parece que fala, e actúa nunha obra de teatro.

Moitos son os nomes que lle podemos dar os protagonistas deste tipo de teatro:

- títere
- marioneta
- monicreque
- fantoche
- tiruleque
- monifate
- guiñol

O teatro de títeres

O teatro de figuras é un arte teatral no que un titiriteiro co seu instrumento (títeres, sombras, obxectos, etcétera) é representa unha
historia, para o espectador.

No teatro de títeres hai tres elementos importantes:

- o espectador
- o actor-titiriteiro
- o títere (o personaxe)

Nos espectáculos de títeres os personaxes son encarnados polas marionetas que son movidas polos titiriteiros.

Os espectáculos de títeres admiten calquera xénero teatral como comedia, drama, traxedia...

O teatro de títeres, dependendo da obra e do tema, pode ser para adultos, tódolos públicos ou infantil.

Títere de luva

marioneta de variñas



marioneta de fíos

sombras



Fai os teus títeres

- Colle un calcetín vello e córtao como indica o debuxo:

- Corta un feltro ou cartolina e despois pégaa ós bordes cortados do calcetín, e fará de boca:



- Despois, pega os ollos (botóns, bolas de ping-pong, redondeliños de cartón, etcétera)
- Tamén podes poñerlle cabelos, carrapichos ou mostachos feitos de la.

- Logo mete a man por dentro como indica o debuxo e a actuar

- Colle un rolo (de papel hixiénico por exemplo)
- Pégalle unha variña de madeira de uns 30 cm. polo menos.
- Logo pégalle os ollos con botóns, pelotas de ping-pong, ou pintándoos se queres...
- Para facer o nariz podes dobrar unha cartolina que pegarás ó rolo.
- A boca pode ser pintada ou de cartolina recortada e pegada.
- Logo ponlle cabelos de la, ou un sombreiro, ou un capirucho (si é unha bruxa ou fada)
- Logo píntaa a teu gusto con témpera ou acrílico.

- Para facer o corpo colle un cacho de lenzo cadrado e faille un furado no centro.
- Pasa o pao polo furado, deixando un pouquiño por arriba para que faga de pescozo.
  Coloca o pano en forma de poncho triangular e pégao.
- Dos extremos do lenzo ponlle unhas mans de cartolina ou feltro.
- Pon uns arames as mans ... e a practicar



¿Como se representa unha obra de marionetas?

Para poder representar unha obra de títeres, hai que seguir unha serie de pasos:

1. Ler con atención a obra e analizar :
    - ¿cal é a historia que queremos contar?
    - cantos e como son os personaxes, que fan e que lles sucede dentro da obra
    - como é o espacio no que pasa a historia que imos representar

2. Temos que ter en conta :
    - cantos somos os que imos mover as marionetas
    - que sistema de manipulación é o máis axeitado para representar a obra.
    - os materiais dos que podemos dispoñer

3. Debemos deseñar todos os elementos:
    - debuxar nun papel os deseños das marionetas e dos decorados
    - calcular as medidas das marionetas
    - calcular as medidas e o tipo de teatriño que imos utilizar
    - conseguir os materiais con que imos facer as marionetas, os decorados e o teatriño

4. Construír as marionetas, os decorados e o teatriño.

5. Estudiar a obra, repartir os personaxes entre os actores-titiriteiros.

6. Buscar músicas e efectos especiais se se necesitan.

7. Ensaiar.

8. Anunciar o día, lugar e hora da representación.

9. Representar a obra.

Historia do teatro de títeres no mundo

A existencia do teatro de títeres remóntase ó inicio da historia da humanidade. Os títeres representaban os deuses.

Existen referencias da súa presencia no antigo Exipto, Grecia,Roma, Oriente, América Precolombina, etcétera.

Ó principio, como outras artes escénicas, aparece vinculado con cerimonias e ritos relixiosos. Así na Idade Media en Europa é utilizado pola Igrexa para dar a coñecer historias bíblicas.

A finais da Idade Media, o teatro de títeres introduce elementos de carácter profano e se converte nun xénero teatral autónomo, gracias ó labor dos xograres nos pobos e dos bufóns nas cortes dos reis.

No s. XVII as compañías ambulantes que recorrían Europa representaban as obras de Shakespeare con actores ou con marionetas.

En Italia, a ópera con títeres era tan popular como con persoas, representándose óperas con marionetas feitas por artistas como Bernini e coa música de mestres como Scarlatti.

Hoxe en día, aínda perduran, sobre todo nas culturas orientais como no Xapón, formas de representación con marionetas seguindo tradicións e rituais do pasado.

O teatro de títeres atravesou épocas de gran popularidade entre todo tipo de público ata ir quedando reducido ó mundo infantil, aínda que nos últimos anos está a recuperar o público adulto.

Na actualidade, vén evolucionando cara a novas técnicas e formas de representación que chegan ata a fusión con outras artes como o teatro de actor e a danza... da man de directores tan prestixiosos coma Strehler, Peter Brook ou Mnouschkine.

En Galicia neste século era moi coñecido sobre todo Barriga Verde, e tamén Pajarrapas ou Gorgorito.

Ademais de Os Monicreques, nos anos 80 creáronse moitas compañías de teatro de títeres. Algunhas, como Picapolaina, Titiriti, Petón da Fox, Z-Zepelin, Fabanaola, Papaventos ou Sapoconcho xa non actúan, pero moitas outras seguen a traballar en Galicia para crear e espallar todo tipo de espectáculos grandes e pequenos, para nenos ou maiores, con títeres de luva, variñas ou fíos, na rúa ou nos teatros como son:
Trécola, Tanxarina, Viravolta, Falcatrúa, Danthea, Kaos, Cachirulo, Spaguetti, Xacarandaina, Birimbau, Títeres & Gualtrapas, Escacún, Teatro da Mallante, Trompicallo, Tres Globos, Teatro do Liló e Teatro alla Scala, 1:5.

Historia da compañía OS MONICREQUES

En 1979 Marcelino de Santiago (Kukas) e Isabel Rey Pousada crean a compañía Os Monicreques.

Sempre representan os seus espectáculos en galego, sendo Kukas o autor de case tódalas súas obras, entre as que podemos destacar: O Peluquillas Langarillas, Pirula do Vertedeiro, A don Esmirriau non lle gusta o bacallao, O colar de Marica, Don Gaiferos, A rúa das Balconadas, Historias dun papel, Canonxo, A culpa foi de Mozart, Unha noite no Pórtico do Paraíso, etcétera.

Sempre fan as súas propias marionetas e decorados, sendo unha característica do seu traballo a investigación e creación de novos tipos de marionetas que permiten que un só actor poida manipular unhas marionetas que moven a súa cabeza e extremidades como se foran case humanas.

Nunha primeira época, todas as súas obras eran infantís e para representar na rúa. As marionetas eran de luva ou variñas. Tamén facían ruadas con xigantes e cabezudos.

A partires do ano 1990 fan espectáculos de gran formato con marionetas mixtas de fíos e variñas, que eles mesmos crean destinadas a tódolos públicos, tamén adultos, e que se representan en teatros e salas con escenario..

Os títeres e a literatura

Ó longo da historia moitos teñen sido os autores que teñen escrito sobre o teatro de marionetas, e o que máis nos interesa, que escribiron e incluso representaron eles mesmos obras de teatro de marionetas.

- **Cervantes** no seu *Don Quixote* inclúe o *Retablo de Maese Pérez no* que representa o *"Romance de don Gaiferos"*

Neste século, son varios os autores importantes en España que escriben e representan obras para marionetas, dos que cabe destacar a tres galegos:

- **Ramón Mª del Valle Inclán**, que escribe farsas para marionetas ou sombras como:
  Farsa e licencia da Raíña Castiza
  A cabeza do dragón
  Ligazón...
- **Rafael Dieste**, que dirixiu o grupo *Teatro Guiñol das Misións Pedagóxicas*, para o que escribiu obras como:
  O falso fakir
  O gato de Siloc
  A doncela guerreira
- **Eduardo Blanco Amor**, que escribiu farsas para títeres como:
  Amor e crimes de Xan Panteira
  Anxélica no umbral do ceo
  Romance Micomicón e Adelala
- **Federico García Lorca**, que escribiu obras para títeres como son:
  A nena que rega a albahaca
  Traxicomedia de don Cristóbal e a señora Rosita
  Retablillo de Don Cristóbal

Bibliografía

Rosa Estévez, Tatán, X.M. Seoane: Como facermos títeres, sombras, carautas e cabezudos. Ir Indo Edicións SA, Vigo.
Kukas, Isabel Rey, Xan Cejudo, O Mariscal. Colección CDG, IGAEM, Santiago, 1994.
Jorge Varela, Amparo Ruiz, El actor oculto. Diputació de Castelló, 1986.
Varios autores, Teatro, o xogo de sempre. Xunta de Galicia, Consellería de Cultura.
Anne Civardi. Cómo hacer juegos de acción. Editorial Plesa. Madrid,1976.
Heather Amery. Cómo hacer juguetes que funcionan. Editorial Plesa. Madrid, 1976.
Cómo hacer y manejar marionetas. Editorial Plesa. Madrid, 1976.
Juguetes de madera. Editorial Kapelusz. B. Aires, 1970.
Alegres marionetas. Editorial Kapelusz. B. Aires, 1973.
Ruth Scholz-Peters. Creaciones con envases deshechables. Editorial Kapelusz. B. Aires, 1977.
Gunvor Ask. Adornos para fiestas. Editorial Kapelusz. B. Aires, 1974.
Günther Reinhardt. Cómo hacer muñecos de guiñol. Ediciones Ceac Barcelona, 1984.
Erich Priester. Guiñol. Editorial Bouret, 1975.
Juega. Editorial Jaimes Libros S.A. Barcelona.
Oskar Batek. Marionetas de palo. Ediciones Ceac. Barcelona, 1989.
Kukas, Monicreques, Coordenadas, Santiago, 1987.
Esteban Losada, Linocho e a lúa. Edicións Biosbardos, A Coruña.
Esteban Losada, Ding ding dong, Mosqueone errou o gol. Edicións Biosbardos, A Coruña.
Esteban Losada, *Os titirinautas*. Edicións Biosbardos, A Coruña.

Patrocinan:

Colaboran: